

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PROXECTOS MUSICAIS PARTICIPANTES EN MANS. XUNTANZA CREATIVA

A **Fundación Paideia Galiza**, titular de **Estudios MANS**, (no sucesivo, a Organización), convoca a selección de participantes no proxecto *Mans. Xuntanza Creativa* dirixido a bandas, interpretes e creadoras participantes do sector musical galego, que rexerese polas seguintes bases:

OBXECTO

Este proxecto enmárcase dentro da convocatoria do *Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021* promovida pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia que pretende a creación dun fondo de contidos e servizos de interese cultural, lingüístico e turístico en lingua galega para mostrar o talento dos profesionais e creadores galegos, fondo que será accesible de xeito público e universal a través de distintos medios, plataformas dixitais, páxinas web, redes sociais...

O noso proxecto consiste na organización dunha residencia artística-creativa que terá lugar entre o 8 e 12 de outubro de 2020 (ambos inclusive) nos Estudios MANS sitos na cidade da Coruña, na que até tres (3) proxectos musicais formados por artistas ou bandas do panorama musical galego colaborarán na **creación dunha peza musical en lingua galega**.

A creación musical poderá pasar a formar parte dos contidos das diferentes campañas e liñas de acción que proxecte a Consellería de Cultura, nos termos previstos na convocatoria do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021.

PARTICIPANTES

A convocatoria está aberta a bandas¹, interpretes ou creadores (legalmente constituídos), que sexan maiores de idade e que estean interesados en participar co seu proxecto na residencia artística-creativa.

Non poderán participar os membros do equipo técnico da Organización nin os seus familiares directos.

A participación nesta convocatoria é gratuíta e supón a enteira aceptación das presentes bases e condicións, así como a submisión expresa dos participantes ás decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organización.

¹ No caso de bandas so poderán participar na residencia artística-creativa un máximo de tres (3) componentes que serán escollidos por acordo entre a banda e a Organización.

PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

O prazo para a presentación da súa candidatura para participar no proxecto estará aberto dende o día 16 de setembro de 2020 ás 14:00 até o 25 de setembro de 2020 ás 14:00 h.

A inscrición poderase realizar cumprimentando o formulario online a través da plataforma habilitada ao efecto en <https://www.estudiosmans.com/mans-xuntaza-creativa/>

Os grupos participantes, deberán subir un tema de duración máxima de ata 6 minutos, e un video-presentación dun máximo de duración dun minuto no que se presente o seu proxecto e a súa motivación para participar en Mans. Xuntanza Creativa.

PROCESO DE SELECCIÓN

Os proxectos musicais presentados serán valorados e seleccionados por unha Comisión Avaliadora que estará integrada por membros da Organización (en representación da Fundación Paideia Galiza e de Estudios MANS) e un experto externo no sector musical.

A selección dos proxectos musicais participantes levarase a cabo tendo en conta os seguintes criterios de valoración:

- A calidade do tema presentado e do emprego no mesmo de elementos da tradición musical galega, sexa a través da instrumentalización, o arranxo, a aplicación de sonoridades e estilos... (até un máximo de 8 puntos)
- A motivación amosada no video-presentación (até un máximo de 8 puntos)
- A presenza activa do proxecto en plataformas e redes sociais (até un máximo de 6 puntos)
- A publicación de traballos autoeditados (2 puntos)
- A publicación de traballos en discográficas independentes (1 punto)
- A publicación de temas en lingua galega (2 puntos)
- A publicación de temas de base tradicional (2 puntos)
- A formación dalgún dos integrantes en cursos de emprendemento cultural (2 puntos)
- A antigüidade do proxecto musical desde a súa primeira publicación (até un máximo de 2 puntos)
- O envío dunha folia de promoción (1 punto)
- A presenza feminina no proxecto (1 punto)

No caso de igualdade na puntuación de varios proxectos musicais, terase en conta a puntuación obtida na avaliación da calidade do tema presentado.

O resultado da selección de proxectos será recollido nun Acta e publicado o día 30 de setembro de 2020, incluíndo un listado de inscritos suplentes.

DESENVOLVEMENTO DA RESIDENCIA ARTISTICA

Os proxectos musicais seleccionados participarán na residencia artística denominada “Mans. Xuntanza Creativa” que se desenvolverá entre os días 8 e 12 de outubro de 2020 nos Estudios MANS baixo as seguintes condicións, aínda que non limitándose exclusivamente as mesmas:

- Consensuaranse cos participantes as xornadas de traballo, dun mínimo de seis (6) horas diarias, nas que colaborarán na creación e gravación dun tema musical que reinterprete a tradición musical galega.
- Durante estas xornadas recollerase o proceso de traballo e creación a través dunha gravación audiovisual.
- No caso de participantes que non conten con residencia habitual no termo municipal da Coruña, ofreceráselles aloxamento e transporte entre o lugar de aloxamento e Estudios MANS, ou o valor equivalente en concepto de dieta.
- Do mesmo xeito, proverase un servizo de catering nos descansos ou o valor equivalente en concepto de dieta.

OBRIGAS DOS PROXECTOS MUSICAIS SELECCIONADOS

Os proxectos musicais seleccionados para participar na residencia creativa obríganse a:

- Acudir as xornadas de traballo que no marco do Proxecto de residencia artística se leven a cabo en Estudios MANS nas datas programadas.
- Colaborar co resto de participantes, para experimentar, improvisar e favorecer o proceso creativo dunha peza musical nova que beba da tradición musical e literaria galega.
- A obra musical que se cree será o resultado dun proceso colaborativo, e polo tanto, os artistas participantes serán COAUTORES da obra creada, cun reparto proporcional en partes iguais dos dereitos patrimoniais que poidan devengarse, o que materializárase no correspondente acordo.

En caso de empregar obras ou extractos doutros creadores, deberase contar coa autorización pertinente dos propietarios dos dereitos de dita obra.

- A súa autorización e cesión gratuíta á Organización e a Consellería de Cultura dos dereitos de autor que, no seu caso, correspóndanlle pola peza musical que se cree, así como pola gravación, emisión e difusión posterior.

Aos efectos, a banda ou artista cede gratuitamente e por tempo ilimitado, os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública da peza musical para dita finalidade.

- Participar nas entrevistas que sexan propostas pola Organización para a gravación de material audiovisual durante o desenvolvemento da residencia creativa.
- Participar nunha presentación en directo da peza musical resultante da residencia creativa nun programa de Radio 3.
- Destacar e facer constar en calquera publicidade da obra que a peza musical foi gravada no marco da residencia artística-creativa promovida polos Estudios MANS no marco da convocatoria do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021 promovida pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

EXCLUSIÓN DE CANDIDATURAS

A Organización poderá, a súa enteira discreción e en calquera momento, rexeitar a inscrición ou excluír a calquera candidatura, cando estes non cumpriran cos requisitos mínimos esixidos, cando proporcionasen datos falsos e/ou erróneos, cando por calquera motivo a súa interpretación ou peza musical non fora apropiada ou idónea, ou por resultar a obra interpretada ofensiva no seu sentido máis amplo.

CESIÓN DE IMAXES

A Organización informa de que, co fin de difundir e divulgar o Proxecto poderá fotografar e/ou gravar as/os membros dos proxectos musicais seleccionados durante as actividades que se leven a cabo na residencia artística nos Estudios MANS podendo, ademais, editar ditas imaxes.

A aceptación destas bases supón o consentimento dos participantes a favor da Organización para recoller e editar as imaxes nas que aparezan os participantes nos contextos sinalados e para as finalidades mencionadas.

En concreto, autorizan a difusión e publicación das imaxes nas redes sociais, así como na páxina web propiedade de Estudios MANS, e da Fundación Paideia Galiza. Autorizan ademais a difusión e publicación de imaxes e do tema gravado como resultado da residencia creativa nas redes sociais e páxinas web propiedade da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, como publicidade da actividade realizada.

PROTECCIÓN DE DATOS

Informase aos participantes que os datos persoais obtidos no marco da presente convocatoria serán tratados pola Fundación Paideia Galiza, na súa condición de responsable de tratamento, consonte á normativa de protección de datos e, particularmente, consonte ao disposto no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril.

A finalidade do tratamento é a de identificar a grupo/solista como participante así como para informar (por medio de teléfono, correo electrónico e calquera medio telemático), das accións que se leven a cabo durante o desenvolvemento do proxecto).

As categorías de datos que serán incluídos nos ficheiros pertencentes á Fundación corresponderán a datos de identificación, direccións postais ou electrónicas. Estes datos serán tratados durante o tempo que dure a relación establecida coa entidade ou ata que o/os participante/s exerciten os seus dereitos de baixa ou supresión.

Como usuarios poderán en calquera momento exercitar de maneira gratuíta os dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do seu tratamento, oposición ao mesmo, así como a portabilidade dos seus datos, dirixíndose á Fundación Paideia Galiza, coa referencia “*Proxecto Mans. Xuntanza creativa*” (CIF G-15798655, con domicilio na Praza de María Pita, 17, 15001 A Coruña, teléfono 981 22 39 27, número de fax 981 22 46 59 e correo electrónico lopd@mans-paideia.com). A estes efectos, deberá identificarse mediante a aportación de fotocopia do seu D.N.I.

OUTROS

Así mesmo, a Organización reserva o dereito a pospoñer ou tomar as decisións oportunas para o correcto desenvolvemento do proxecto ante posibles incidencias derivadas do cumprimento da normativa sanitaria para facer fronte á pandemia da Covid-19.

A Organización resérvase o dereito para modificar as bases para a selección dos proxectos musicais en calquera momento, mesmo poderá chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que conorra causa xustificada, en todo caso comprometéndose facelas públicas pola mesma vía que esta convocatoria.